

23 Agosto, 2011

Crítica de Xosé Manuel Eyré sobre «Chegamos despois a unha terra gris», de Raúl Dans

[Xosé Manuel Eyré](#) publica no seu [blog](#) unha [recensión crítica](#) sobre sobre [«Chegamos despois a unha terra gris»](#) de [Raúl Dans](#).

OS AFECTOS, A VIDA E A POESÍA: TEATRO PARA HOXE

Imos falar do texto vencedor do Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2010.

Un texto que propón unha vigorosa posta en escena, pois é unha traxedia envolvente da que o espectador/lector non pode fuxir. Sempre se cuestionará até que punto o que está



lendo/vendo é só un caso exemplificante e hipotético. Porque o espectador/lector entra na obra, nesta representación da vida, desde os primeiros diálogos, malia estes non seren nada amábeis senón todo o contrario, pois achegan unha realidade dura, repleta de enfrontamentos. Onde máis que o que din as personaxes, máis que o que fan, importa a razón, o porqué do que fan e din. E velái xeito de estimular a participación do espectador/lector, unha estimulación que resulta moi efectiva á par de que é imprescindible para un texto teatral cosolidar o seu achegamento á vida, de inserirse xa non só como interlocutor (que é algo máis que espello) da vida senón como parte súa. A vida, único escenario onde pasa todo, o que se ve, o que se sente, o que se pensa, e o que non se ve mais fai sentir, mais fai (ou debe facer) pensar

A peza presenta dúas, unha urbana e outra rural, partes baixo un único título. Volveremos despois sobre iso. E non é anecdótico este repartimento aínda que, digámolo xa, tampouco resulta decisivo. Na primeira aparece unha Helena nada amábel nin con quen con ela o é, nin con estranos nin con familiares (marido, filla, neta), unha personaxe envolta nun caparazón de dureza, de imexpugnabilidade e dolor, unha personaxe que padece cancro, esa enfermidade terminal, que che pon diante a derradeira estación, esa que non podes evitar e te obriga a repensar o mundo, un mundo onde non estás cómodo. Significativamente esta parte remata cunha conversa con Antón, vello amigo de Helena, pintor (a pintura era unha das ansias motrices da vida anterior de Helena), onde a arte aparece ao lado da vida, como prolongación súa, facendo parte do mundo dos afectos das perosas, o mundo relacional das persoas non se esgota na inter-relación entre elas senón que a arte tamén forma parte.

Logo, na segunda parte, Helena aparece en ambiente rural. É como unha volta ás orixes... tentando ir cara adiante, indo cara adiante. Dous ambientes para a universalidade, o urbano e o rural, nesta orde. O rural como retorno. E esta Helena da segunda parte tampouco logra conxeniar nin coa nai, nin cos vecinos.

Helena é unha personaxe que leva o conflito consigo, notoriamente, desde o inicio. Mais non é única. O conflito está instalado tamén nas demais personaxes, na do marido (Andrés, realmente namorado doutra muller), na de Luísa (filla, que deixou atrás un amor frustrado),

na da nai (Pura, que viviu unhavida dura, e nela os desafectos da segunda nai), na de Raquel (que sufriu un abandono e ten ánimo de vinganza xustificativa), na de Martín (veciño, obxecto de desexo do que pouco se coñecen os desexos, misterioso), sendo Iván e Antón que mellor parados (máis que tampouco se libran, tamén son atinxidos).

Deste xeito a peza organízase a redor dunha serie de conceptos temáticos. A vida, o amor, as oportunidades e asfíxia, a liberdade e a arte. Que están sempre presentes, e non ten porque ser obrigatoriamente nesa orde. Os conceptos desde os que se logra, ou non, a realización persoal.

Xerardo Couto, no limiar, lembra [The Road Not Taken](#), e [Robert Frost](#). Unha cousa é imoportante, xa o dixemos, a capacidade de porlongación que o lector/espectador sexa quen de proxectar/sentir a proxección. Porque é, en definitiva, o que distingue aqueles textos que valen a pena. E que xa está, no texto de Raúl Dans, desde o mesmo comezo. No título. Un título que non se refire a parte da trama senón que a englona toda e ten sentido metafórico. Igual que toda a proposta en si, e sendo desnecesario recuncar, polos recovecos do texto, nela.

Unha cousa máis a mencionar. O remate. Non hai un remate conclusivo. Non hai unha mensaxe definíbel, enunciábel, fóra de reclamar reflexión sobre o que facemos e dicimos, porque iso, a fin de contas, é o que somos, o que abre os camiños que somos.

Teatro para hoxe. Para sempre o teatro. Ás veces hai máis vida no teatro que na rúa.

[Xosé Manuel Eyré](#)